



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Begonte para a execución do proxecto denominado Equipamento casa do concello

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Begonte un convenio para a execución do proxecto denominado Equipamento casa do concello.

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar o funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Por outra banda, na aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (proxecto 2017 00054, *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*) existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia.





3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Begonte o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2018.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Begonte para a execución do proxecto denominado Equipamento casa do concello.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Begonte manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Equipamento para a casa do concello que ten como obxecto o equipamento do inmovible para poñer a disposición dos cidadáns unha infraestrutura pública axeitada indispensable para o desenvolvemento do servizo público

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a necesidade de equipar o inmovible unha vez acabadas as obras de rehabilitación e acondicionamento da casa do concello, rematando coa situación de provisionalidade e precariedade das oficinas municipais, diante da insuficiente capacidade económica municipal para poder afrontar este gasto.

A necesidade da colaboración solicitada acentúase pola concorrencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas, dado o avanzado do exercicio orzamentario, polo custo temporal da tramitación dun procedemento destas características.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as necesarias actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Begonte de afrontar en solitario os compromisos económicos que o restablecemento do normal funcionamento dos servizos municipais, mediante a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelle aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Begonte.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de CORENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (49.594,69 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. Este importe representa o 100,00 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 49.594,69 €.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

